


DIRIXIDO AO
ALUMNADO
DE 4º DE ESO
CPI DE VEDRA

AS TOLAS QUE NON O ERAN

PARA AS QUE
NUNCA
IMPORTARON

MULLERES NO MANICOMIO DE CONXO 1885– 1936



Este é un libro sobre as que nunca importaron. As tolas que non o eran, rachando as follas co único que non puideron quitarlles: a coraxe para berrar que a historia non sempre é como nola contan.

As internas no manicomio de Conxo entre 1885 e 1936 tiñan todos os ingredientes que condenan a unha persoa á marxe: mulleres, aldeás, pobres, analfabetas, rebeldes. Pero as súas vidas gardan a potencia do fundamento humano: a subversión de Amalia fumando cigarros rubios no vapor Habana; a carta que María envía á súa filla despois dun Nadal no inferno; a mirada sen esperanza de Elena, a quen imaxinas amasando nas mans da neta e non na cesta de costura dun manicomio.

OBRADOIRO “AS TOLAS QUE NON O ERAN”

Duración: 2 horas

Dinámica: práctica, traballando con correspondencia e expedientes reais do Manicomio de Conxo

Contidos:

Introducción: a psiquiatría como ferramenta de control feminino dende o século XIX

Creando un perfil das mulleres internas en Conxo, o gran psiquiátrico galego ata mediados do século XX: ¿que características tiñan en común?

Tolas ou rebeldes? Analizando os elementos de "rebeldía" presentes nos seus expediente

A correspondencia como xeito de achegarnos á memoria destas mulleres máis aló da medicina convencional.

Paralelismos entre a perspectiva da saúde mental nas mulleres no século pasado e a actualidade.

DÍA 18 DE NOVEMBRO NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA.

DE 10 A 12 HORAS DIRIXIDO AO ALUMNADO DE 4º DA ESO DO CPI DE VEDRA

